

Obradoiro de escritura creativa

Xabier Xil Xardón

FICHA TÉCNICA

Datas: martes 18 e xoves 20 de xullo de 2017

Horario: de 11.00 a 13.00 h

Lugar: local da A.VV. Novo Vigo (rúa As Teixugueiras, 11-portal 6 oficina 9-B)

Prazas: 15 prazas entre 8 e 12 anos

A actividade é gratuíta

Equipo de organización-realización

Organiza: Servicio de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e a A.VV. Novo Vigo

Desenvolve: Xabier Xil Xardón

XUSTIFICACIÓN

A Concellaría de Normalización Lingüística ofrece un obradoiro de escritura creativa dirixido polo escritor Xabier Xil Xardón e pensado para os/as escritores/as máis novos/as. Considérase que a organización dun obradoiro de escritura creativa, que traballa ao redor do feito literario en si mesmo, resulta de grande interese: o feito de achegarse aos mecanismos da creación literaria permitirá aos participantes valorar cunha visión máis crítica os textos literarios aos que es enfronten.

OBXECTIVOS

- _ Participar de xeito activo na construción colectiva dun relato.
- Producir textos empregando diferentes técnicas narrativas.
- Exercitar o pensamento diverxente mediante a escrita creativa.
- Crear un clima de complicidade, respecto e escoita activa que favoreza o traballo en equipo.
- Promover a expresión libre e a valoración das ideas propias.
- Amosar a escrita literaria como un exercicio pracenteiro, divertido e enriquecedor.

CONTIDO

O alumnado traballará en grande grupo e de xeito individual. Seguiremos unha metodoloxía lúdico-descriptiva en que o docente desenvolverá o rol de guía, moderador e facilitador. Procuraremos crear un clima de motivación e a participación activa de todo o alumnado. Botaremos man de dinámicas iniciais de distensión, narración oral, explicacións, debates, e exercicios de escrita creativa.